

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA CATRO DE MARZO DE 2010, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. ODON C. COBAS GARCIA
Concelleiros	D. ELOY JOSÉ IGLESIAS LÓPEZ
	D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
	D ^a . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D ^a . ANA BELÉN PICÓN COTOS
	D. CAMILO PEREIRAS CARAMÉS
	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a : MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D ^a : M ^a . JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
	D ^a . XOSEFINA ROSA GUITIÁN LEMA
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas do día catro de marzo de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ó comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (21/01/2010)

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e un de xaneiro do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade dos asistentes

2º.- Aprobación, se procede, do orzamento municipal para o exercicio 2010

Dáse conta do expediente tramitado para a aprobación, no seu caso, do Orzamento desta Entidade formado para o exercicio 2010.

Dáse conta asimesmo do informe favorable da Comisión Informativa de Economía e Especial de Contas



O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE expón que os detalles do orzamento xa foron analizados polo miúdo na Comisión Informativa e que en función das solicitudes dos grupos da oposición de rebaixar gasto corrente e unha vez analizados os orzamentos, dende o grupo de goberno acordamos facer unha modificación consistente en rebaixar gastos nas partidas de Acción Social e Urbanismo por unha contía total de 25.000 euros que pasan a incrementar o capítulo VI en Promoción da Cultura e Medio Ambiente. Este importe vaise dedicar a financiar pequenos investimentos a realizar pola Brigada de Obras. Aínda que se trata dunha cantidade modesta, dende o noso grupo non atopamos outra forma de facer máis modificacións sen recortar algún dos servizos dos que actualmente ven prestando o concello.

Di que os axustes que pretende o PP parécenlle inviables, agás que se suprima algún servizo, e que dende logo os orzamentos municipais non son a única ocasión que existe ó longo do ano de falar de financiación municipal. Cree-di- que este ano vai haber novidades, e así o Plan de Cooperación da Xunta vanse modificar, polo cal a financiación municipal aínda pode ser debatida ó longo do exercicio.

Por último manifesta que os orzamentos que se presentan son para un ano difícil, un ano de crise e que a prioridade fundamental do equipo de goberno foi manter o mesmo nivel nos servizos e tendo en conta que houbo que facer recortes nos gastos ocasionados polas rebaixas no financiamento, dando conta das porcentaxes dos ingresos que figuran no proxecto do orzamento.

Dona Xosefina R. Guitián do BNG expón que votará en contra dos orzamentos, como xa dixo na Comisión Informativa, porque reflicten un sistema de xestión, de facer política, co que non están de acordo, especialmente con algunhas cuestións.

Di que pode estar de acordo co grupo de goberno co que se refire ó esforzo en manter certo tipo de servizos sociais: gardería, axuda a domicilio, ludoteca, ...que non son rendibles en números pero si en obxectivos sociais como pode ser manter a poboación e darlle unha calidade de vida que permita que a poboación se fixe en Vedra, e non se aminoren en consecuencia máis os ingresos.

Di tamén que de forma global seguen estando bastante en contra dun modelo no que se priorizan certo tipo de investimentos a veces desorbitados e aproveitando subvencións para investimentos esaxerados, cando se podían aproveitar para facer outras cousas e dun xeito máis respectuoso, como por exemplo e tamén vai nos orzamentos o campo da festa de San Miguel; orzamentos nos que tamén se reflicte a que para o seu grupo é a incapacidade do goberno para solucionar problemas, para atallar conflitos, como é o tema de dedicar unha partida financiada cun crédito para a expropiación de terreos en San Miguel, que non sería necesaria se se houbo un diálogo coa persoa que se vai expropiar; é máis como non houbo diálogo teme que sexa unha expropiación litigiosa, conflictiva e espera que chegue a partida destinada.

Expón que non pode estar de acordo cuns orzamentos que se ben houbo concesións a propostas da oposición, como investimentos en locais educativos e demais, se segue priorizando a política de asfalto, farolas, mentres se baixa en medio ambiente e outro tipo de actuacións que redundarían nun concello bastante máis sustentable.

Di que na partida de gastos faise un esforzo para acoller propostas da oposición, pero en tempo de crise séguese sen aforrar nada en gastos diversos, nos que ás veces van actividades culturais, coas que si pode estar de acordo, pero non con outro tipo de gastos de máis dubidosa xustificación en tempo de crise como



son os recentes pagados billetes a Arxentina do concelleiro da oposición e do Sr. Alcalde sen existir unha viaxe institucional polo medio

Por último manifesta que as negociacións teñen que facerse dende a raíz, doutro xeito dificilmente se pode chegar a acordos co BNG.

O Sr. Alvela de TEGA expón que dende o seu grupo sempre que se tivo ocasión de debater os orzamentos sempre incidiron, sobre todo, en rebaixar gastos correntes e de persoal, sabían que estaban peligrosamente excesivos e a súa reivindicación principal era rebaixar estes gastos e investir os cartos en obras. Di tamén que dende o orzamento do 2008 ata o do 2010 rebaixáronse considerablemente, así pasouse do 80% nalquel momento ata o 69%, que supón a rebaixa dun 12%. Iso, dende o seu punto de vista é un logro importante

Ademais expón que todos os grupos presentarían un orzamento distinto, xa que uns apostarían máis por unha liña que outros, porque o orzamento representa un modelo de política que está a facer o grupo de goberno, pero tamén é certo que para chegar a acordos hai que ter a capacidade de aceptar propostas, e neste sentido esta proposta, que en termos reais se aproxima a 500.000 euros, parécelle que é importante


Di que a súa postura vai ser a abstención, pero que tendo en conta que o seu grupo veuse bastante reflectida cun esforzo nun momento delicado e dalgunha forma tamén axuda a que Vedra non estea pasando por eses agobios doutros concellos, pois o gasto debe estar sempre controlado porque os ingresos poden fallar.

Tamén di que os veciños votan os concelleiros para que sexan serios nos plantexamentos en canto a gastos con medida e facer os investimentos que máis beneficien sen facer derroches, e iso tamén é obriga da oposición velar para que se cumpra, pero tamén é facilitar e darlle unha estabilidade dentro da medida do posible a que os concellos funcionen e poidan seguir adiante cos servizos que están implantados, que por certo non son nada baratos

Por último di que o seu voto podería ser a favor, se non fose pola parte de crédito, pois entende que hai que apretar un pouco máis o cinturón antes de acudir ó crédito, xa que como expuso anteriormente unha rebaixa dun 12 no gasto corrente supón unha cifra importante nos orzamentos municipais, tendo en conta ademais que hai unha minoración dos ingresos procedentes da administración do estado e das outras administracións, o que obriga, ós eu entender, a seguir atentos non só neste exercicio senón nos vindeiros, considerando que o seu grupo coas súas achegas está contribuíndo a manter un certo control no gasto e unha contención que evite males maiores.

Intervén o Sr. Martínez do PP e anuncia o seu voto negativo, ó igual que na Comisión Informativa, porque solicitaban un esforzo e o plantexado é insuficiente para poder apoialo.

Expón tamén que estamos en crise e que espera que a previsión de ingresos sexa mellor ca do exercicio anterior no que se prevían 6 millóns de euros e ó final foron 5 e pouco, pero que no fondo e con respecto ó orzamento do exercicio anterior en porcentaxes sóbese un par de puntos en gastos de persoal; baixase un 10% no capítulo de investimentos; os gastos totais supoñen un 73%; no capítulo de gastos de bens e servizos, caixón de sastre, sóbese en torno a 7 puntos, .. E o seu partido sempre defendeu os investimentos e que se manteñan todos aqueles servizos que si demandan os veciños e os servizos sociais que son moi importantes; por todo iso di que propoñían reducir os gastos nun 5-7 %, porque si existen capítulos que se



poden baixar, sen afectar a prestación de servizos básicos e subir os investimentos na mesma porcentaxe

Di que a súa proposta é moi sinxela, rebaixar gastos de 200-250.000 euros para poder afrontar todas aquelas obras que non se puideron incluír no Fondo Estatal, obras consensuadas por todos os grupos, sinalando que o seu grupo en xaneiro presentou no rexistro municipal, en previsión da futura elaboración dos orzamentos, esta idea para que se fixese todo o posible para que as obras, en concreto saneamento Paradela -Laraño; abastecemento Vedra-Trobe; Abastecemento en Tomonde; Abastecemento a San Miguel de Sarandón, quedasen previstas nos orzamentos deste exercicio, e como non figuran non os poden apoiar, reiterando o outro día da obra de reparación do pavillón municipal

O equipo de goberno -di- presenta un aforro de 25.000 euros, co que están de acordo, pero parécelle insuficiente, por iso o seu voto vai ser negativo

Intervén de novo o Sr. Sánchez e replícalle o voceiro do PP que efectivamente os investimentos son máis baixos, pero que tendo en conta as cifras da liquidación do ano 2009 os gastos de persoal sumaban 1.596.000 euros e no orzamento do 2010 son de 1.479.600 euros.


Di tamén que tamén os gastos correntes pasan de 1553 millóns a 1513 neste exercicio, polo que tamén hai unha rebaixa, e que é certo que existen investimentos que veñen arrastrados do ano pasado, pero que é inevitable

Con respecto ás cifras do orzamento en xeral entende que todos os grupos teñen que buscar argumentos para defender a postura do seu voto, pero que o proxecto de orzamento con toda a documentación se lle dou a todos os grupos con bastante antelación, incluso se convocou unha xunta de voceiros antes da comisión informativa, e que para o grupo de goberno era máis fácil traballar cun orzamento de 5 millóns de euros que con un de 4 millóns e medio, pero que por responsabilidade e para atender cuestións necesarias como a expropiación que se pretende hai que dispor de orzamento

En canto ós orzamentos en si di que o gasto social neste concello é a primeira partida en importancia, en concreto dependencia e acción social (668.000), seguíndolle estradas e vías públicas (446.000), sendo a diferenza notable. Continúa a súa exposición dando conta do importe de cada un das partidas de gastos; así cultura (370.000); administración xeral (366.000), ...etc e recordalle que nas reunións previas xa se informou de como ían aumentando os gastos, como por exemplo o gasto en luz (128000-140000), gastos de mantemento da piscina e pavillón municipal (105000), gardería (70000), gastos en educación (139000), existindo outros servizos para os que non existe financiamento, como é o caso de protección civil (90000), e outros como a recollida de lixo que se autofinanciaban, e agora os gastos son máis (173000) que a recadación da taxa (140000); ludoteca (40000 euros e racádanse sobre 6000); saneamento e abastecemento (920000) cando a taxa por enganches previsto ascende a 11.000 euros, ..etc

Por último e para rematar di que para manter o servizos que non atoparon a maneira de elaborar outro proxecto de orzamentos, e que á rebaixa do 11% con respecto ó orzamento do exercicio anterior lle sumamos os 108000 euros para gastos sociais procedentes do Fondo Estatal, a porcentaxe acértese ó 13%.

Don Xosefina R. Guitián expón que con respecto á expropiación que ten as súas dúbidas de que se intentase tanto a negociación, cando o concello ía facer alí unhas beirarrúas se empezaron a construír sen falar tan sequera co propietario



En canto a outros temas como o esforzo en acción social, di que xa lle recoñeceu o esforzo nese tema ó equipo de goberno, sen embargo o capítulo de axudas de emerxencia social baixa, e tendo en conta a renda per cápita e outros aspectos sorpréndese, e tamén nese partida que funciona como caixón de sastre, onde van cousas interesantes pero tamén a romaría da terceira idade, as viaxes dos conecelleiros a visitar ós nosos maiores cando van de viaxe, ...etc.,.

Manifesta que hai capítulos nos que habería que apretar o cinturón en época de crise

Di que efectivamente o gasto de enerxía aumenta, pero tamén é certo que se segue apostando por un modelo de investimentos en farolas acendidas toda a noite, colocando outras en lugares sen facer un estudo sobre onde hai que priorizar ou de comezar a falar en serio dun investimento en medio ambiente para que poidamos ter alumeadado público pero de xeito máis sostible

Para rematar di que efectivamente como dixo o voceiro do PSdeG-PSOE convocouse unha xunta de voceiros ante da comisión informativa para facerlle entrega do proxecto do orzamento pero reitera a postura do BNG de que os orzamentos reflicten un modelo de xestión e isto negóciase dende a base.

O Sr. Martínez do PP fai en primeiro lugar un matiz técnico ó exposto polo Sr. Sánchez, e di que él cando falan de datos sempre o fai en porcentaxes, e efectivamente os gastos de persoal poden baixar pero en porcentaxe sobre do montante do orzamento soben.

Expón de seguido que lle parece increíble e que en case un 73% de gastos non se poida aforrar, sen afectar ós servizos esenciais, un 5-7% e a concelleira do BNG xa aportou algún dato, e que en primeiro lugar é o equipo de goberno o que ten a responsabilidade de facer iso, e en segundo lugar son os únicos que realmente coñecen as cifras verdadeiras

O Sr. Sánchez para rematar as intervencións neste punto di que todos os grupos apoian os orzamentos, pero que se cada grupo fixese un proxecto entende que os orzamentos serían semellantes, porque calquera servizo que preste o concello conleva un gasto corrente e estes medran continuamente, sexa por incrementos dos costes sexa porque afortunadamente o concello cada día conta con máis patrimonio


Por último pídelo o grupo PP que arrime o hombreiro para conseguir máis financiamento doutras administracións

Sométese a votación a seguinte proposta:

1º.-Aprobar inicialmente o Orzamento desta Entidade para o exercicio 2010, por unha contía que quedou fixada no seu Estado de Gastos na cantidade de CATRO MILLÓNS CINCOCENTOS QUINCE MIL (4.515.000,00) EUROS e no seu Estado de Ingresos na cantidade de CATRO MILLÓNS CINCOCENTOS QUINCE MIL (4.515.000,00) EUROS, asignando a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	EUROS
	A) OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Gastos de persoal	1.479.600



2	Gastos en bens correntes e servizos	1.488.000
3	Gastos financeiros	29.900
4	Transferencias correntes	50.400
	B) OPERACIÓN DE CAPITAL	
6	Investimentos reais	1.287.500
7	Transferencias de capital	7.500
8	Activos financeiros	12.000
9	Pasivos financeiros	160.100
	SUMA TOTAL DE GASTOS	4.515.000

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	EUROS
	A) OPERACIÓN CORRENTES	
1	Impostos directos	865.000
2	Impostos indirectos	55.000
3	Taxas e outros ingresos	260.800
4	Transferencias correntes	2.230.000
5	Ingresos patrimoniais	2.200
	B) OPERACIÓN DE CAPITAL	
6	Enaxenación de investimentos reais	0
7	Transferencias de capital	930.000
8	Activos financeiros	12.000
9	Pasivos financeiros	160.000
	SUMA TOTAL DE INGRESOS	4.515.000

2º.- Aprobar igualmente as bases de execución do mencionado Orzamento.

3º.- Así mesmo, aprobar o cadro de persoal funcionario e laboral que figura no correspondente anexo.


4º.- Que se expoña ó público por un prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, conforme o preceptuado no art. 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

5º.- Que, no suposto de non presentarse reclamación contra o mesmo, se considerará definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios deste Concello, xunto co cadro de persoal e a relación de postos de traballo, segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, e 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo; e noutro caso, procederáse co previsto no número 1 deste último artigo.

6º.- Que, de conformidade co número 4 do mesmo artigo, remitirase copia do referido Orzamento á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma

Rexíranse 6 votos a favor do PSdeG-PSOE, 6 votos en contra do PP e BNG e 1 abstención de TEGA

Nunha segunda votación rexístrase o mesmo resultado e apróbase co voto de calidade da Presidencia



3º.- Acordo, se procede, sobre sobre moción do BNG de rexeitamento ás corridas de touros e para nomear ó Concello de Vedra *Concello Amigo dos Animais*

Dáse conta da moción presentada polo BNG na que expón que ante o escrito presentado no Concello de Vedra á atención dos representantes de cada un dos grupos municipais asinado por 5 veciños deste concello baixo as siglas da Plataforma Galicia mellor sen touradas, no que propoñen aprobar unha moción para o rexeitamento ás corridas de touros para que Vedra chegue a ser concello amigo dos animais, propónse a adopción polo pleno dos seguintes acordos:

1.- Manifestar o apoio do Concello de Vedra á declaración de principios que se expón na Lei de Protección dos Animais 1/93, do 14 de abril, a cal considera os animais como organismos dotados de sensibilidade física e psíquica e , polo tanto, suxeitos a gozar ou sufrir.

2.- Declarar Vedra contrario ás corridas de touros e amigo dos animais

3.- Declarar que o Concello de Vedra non será cómplice dun espectáculo cruel, como o das corridas de touros nin de ningún outro espectáculo onde se torture a animais

4.- O Concello de Vedra non permitirá os anuncios nos medios públicos municipais de corridas de touros nin de ningún outro espectáculo que produza a morte e/ou dor a animais e que se teña isto en conta cando se regule a publicidade en espazos públicos.

5.- Instar á Xunta de Galicia a prohibir as corridas de touros e todos aqueles espectáculos onde se produza a morte ou tortura dun animal

6.- Facer chegar este acordo á Xunta de Galicia, á Plataforma Galicia mellor sen touradas e ós partidos políticos presentes no Parlamento de Galicia

7.- Publicitar estes acordos a través dos medios públicos municipais

Dona Xosefina R. Guitián do BNG expón que é un tema que aínda que non é habitual en Vedra, pero que o seu debate está na sociedade e por outra banda esta inquedaanza Ila fixeron chegar un grupo de veciños englobado baixo as siglas Plataforma Galicia, mellor sen Touradas a ela e a cada un dos grupos, e que o seu grupo está de acordo con esa sensibilidade e que realmente entende que non é excusa de que non se dean este tipo de espectáculos porque neste pleno xa se teñen debatido e aprobado outro tipo de iniciativas que responden a inquedaanzas que se dan na sociedade

Di tamén que declarar a Vedra concello amigo dos animais e sen touradas, supón por un lado que nunca algún empresario se presente en Vedra e solte unhas vaquillas e se dediquen a maltratalas, como ten pasado noutros concellos, e por outro participar nun debate que se está a dar en todo o territorio do Estado.

Ademais di que entende que todos debían estar de acordo, xa que a tradición histórica na que se sustenta isto en Galicia non ten cabida porque non existe e noutras comunidades onde si existe tradición non se sostén porque si partimos da base de que existe sufrimento e por outra banda estamos a aprobar leis para a defensa dos animais este plantexamento non é lóxico, ademais de que o debate está na sociedade e se queremos non seguir sendo observados polo resto dos países como un estado no que se maltrata os animais e non como un estado desenvolvido e en primeira liña en outro tipo de actuacións humanitarias



O Sr. Alvela de TEGA di que se abstén porque na nosa comunidade non existe esa tradición e porque entende que non é o noso debate

O S. Sánchez adhírese ó exposto polo Sr. Alvela

Dona Xosefina R. Guitián di que entende que si é o noso debate, xa que teñen a responsabilidade de atender unha inquedanza dun grupo de veciños e que Vedra é un grao de area para que quen teña a competencia prohiba as touradas

Posta a votación a citada moción apróbase con 1 voto a favor do BNG e 12 absttencións do PSdeG-PSOE, PP e TEGA


4º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG para modificar a ordenanza fiscal de IVTM

Dáse conta da moción presentada polo BNG na que se expón que se ben o R.D. Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais , no seu artigo 93.1 establece os motivos de exención do IVTM, sendo un deles ter unha minusvalía igual ou superior ó 33%, a ordenanza fiscal do Concello de Vedra aprobada no 2004 establece no art. 7.2 a documentación a aportar, engadindo un parágrafo que di textualmente "non se considerará que o vehículo é para uso exclusivo do minusválido,e polo tanto non se entenderá xustificado o destino de dito vehículo, cando o certificado expedido pola Consellería de Asuntos Socias non se dedeza que o minusválido ten dificultades graves de mobilidade que lle impidan a utilización do transporte colectivo", limitando así de facto o dereito á exención no imposto e creando confusión entre os posibles beneficiarios, polo que se propón a adopción polo Pleno do seguinte acordo:

Modificar a ordenanza Fiscal do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica do Concello de Vedra, suprimindo o parágrafo final do art. 7 no que di "non se considerará que o vehículo é para uso exclusivo do minusválido,e polo tanto non se entenderá xustificado o destino de dito vehículo, cando o certificado expedido pola Consellería de Asuntos Socias non se deduza que o minusválido ten dificultades graves de mobilidade que lle impidan a utilización do transporte colectivo."

Dona Xosefina R. Guitián do BNG expón que como figura na exposición de motivos da moción, existe unha contradición entre a ordenanza fiscal reguladora do imposto e un dereito recoñecido pola lei de facendas locais, que establece a exención para as persoas que teñen unha minusvalía igual ou superior ó 33%. Di que na ordenanza fiscal cando se fala dos supostos de exención recoñécese e enumera os documentos para solicitar a mesma e un pouco máis adiante nun parágrafo sen embargo límitase de feito ese dereito ó establecer que se considera non xustificado o destino do vehículo cando do certificado non se deduza que ten problemas para usar o transporte colectivo. Isto ademais de ser confuso é unha artimaña legal para realmente poder subir o grao de minusvalía e en Vedra resulta un pouco máis chocante porque non existe transporte público para desprazarse polo concello.

Di que hai un dereito recoñecido por una lei estatal e unha normativa do concello que vai en contra, e o seu deber é corrixilo, por iso solicita a supresión do citado parágrafo na ordenanza fiscal



O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE di que están de acordo en que se cumpra a lei e polo tanto votarán a favor da moción

O Pleno por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a citada moción

5º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG para a adhesión ó *Manifesto Galicia ten dereito* na defensa da autonomía financeira de Galiza

A Presidencia propón debater esta e máis a do PP conxuntamente.

Intervén o Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE e solicítalle tanto o BNG como o PP que retire as mocións presentadas porque entende que non é o seu tema, senón de outros ámbitos e ademais cree que non teñen coñecementos suficientes do asunto para debater o plan en serio.

De seguido dáse conta da moción do BNG na que se expón que ante a presentación por parte do Goberno Central dun recurso de inconstitucionalidade contra a Lei de Caixas de Galicia, afirmada recentemente por ampla maioría no Parlamento de Galicia, considerando que toda a sociedade galega debe dar resposta a esta situación, propónse a adopción polo Pleno do seguinte acordo:

O Concello de Vedra adhírese ó Manifesto Galiza ten Dereito.

Dona Xosefina R. Guitián do BNG expón que independentemente do exposto polo Sr. Sánchez, o debate está enquistado respecto á reforma da lei galega de caixas, pero non é ese o tema que se trae ó pleno, senón a adhesión a un manifesto que se promoveu de cara a garantir a galegidade da fusión das caixas, de garantir que dentro da autonomía teñamos capacidade de intervención nos recursos e nos aforros de Galicia


Di tamén que como se expón no preámbulo ante o proceso de reorganización bancarias impulsado polo Banco Central e polo Goberno Central, adoptouse unha decisión unánime no Parlamento de Galicia de priorizar o mantemento de galegidade de caixas e a súa solvencia e tramitar por urxencia a lei galega de caixas.

Sinala ademais que este Manifesto que se presenta a toda a sociedade vai neste sentido, que ó final asumiron todos os partidos con representación no Parlamento, agás o PSdeGS-PSOE, sindicatos, e outras entidades, por iso se trae ó concello para que como institución se adhira ó mesmo.

O Sr. Martínez do PP expón que como ben dixo a concelleira do BNG non se vai debater o trasfondo da fusión das caixas, si a adhesión a un Manifesto, que é claro, de garantir a solvencia, e sobre todo a galegidade dun caixa forte que sería posiblemente a 5ª dentro do territorio español e que o gran investimento desta caixa se faga en Galicia.

Di que o Manifesto se adheriron os empresarios, sindicatos importantes, e todos os partidos políticos agás o Partido Socialista, por motivos políticos

Por último e en canto ó exposto polo Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE di que con respecto ó recurso de inconstitucionalidade é unha artimaña política, xa que o informe do Consello de Estado que solicitou o Goberno Central non o fixo no caso de Cataluña, País Vasco ou Andalucía e a lei de caixas de Galicia é semellante a estas.



O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE di que o seu grupo mantén a postura da abstención neste tema e expón que segundo o Consello do Estado a a lei incumpre a legalidade, e menciona que independente disto ten cousas feas como restarlle protagonismo ós concellos de A Coruña e Vigo e darlle máis á Xunta de Galicia

Posta a votación a citada moción apróbase por 7 votos a favor do PP, TEGA e BNG e 6 abstencións dos PSdeG-PSOE

6º.- Acordo, se procede, sobre moción do PP de adhesión ó manifesto Galicia ten dereito

Dáse conta da moción presentada polo PP na que se expón que o 29 de decembro de 2009, o Parlamento de Galicia, en desenvolvemento do artigo 30.1.5 do Estatuto de Autonomía, aprobou cunha maioría cualificada de 2/3 a Lei 10/2009, de 30 de decembro, pola que se efectúa unha modificación legislativa das caixas de aforro de Galicia, e o Goberno Central presentou un recurso de inconstitucionalidade contra esta lei que conleva a paralización da súa aplicación nun momento decisivo, o que pode colocalas na situación idónea para que sexan absorbidas por entidades foráneas

Po todo iso o 5 de febreiro de 2010, reunidos no Parlamento de Galicia o representante dos empresarios galegos, os representantes das organizacións sindicais CIG, CCOO e UGT, e máis os representantes dos partidos políticos BNG e PP, acordaron asinar o manifesto *Galicia ten dereito* sobre do futuro do sistema financeiro galego, e trasladar ó resto da sociedade o seu contido para que se sumen todas aquelas institucións, organizacións, asociacións, entidade ou persoas que coincidan cos seus postulados, propoñendo a adopción polo Pleno do seguinte acordo:

O Pleno do Concello de Vedra acorda adherirse ó Manifesto *Galicia ten dereito*, dando traslado deste acordo ó Parlamento de Galicia, á Xunta de Galicia e ó Goberno de España

Posta a votación a citada moción apróbase por 7 votos a favor do PP, TEGA e BNG e 6 abstencións dos PSdeG-PSOE

7º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores


--Á pregunta de dona Xosefina R. Guitián do BNG, sobre da obra de senda peonil en Silva de Arriba-San Miguel de Sarndón, di que se pretende rematar antes da Festa do Viño e que no tramo da parcela propiedade do Sr. Marcelino López non se pode facer ata se dispoña dos terreos

--Á preguntas do Sr. Costa do PP, a Presidencia contéstalle:

1.-Sobre desperfectos na estrada Oza-Cibrán, di que aínda non se lle liquidou a obra, e que se está á espera de que se rematen uns arranxos que se foron ver co adxudicatario e co enxeñeiro director da obra

2- En canto á desafectación das escolas unitarias, cédelle a palabra ó Sr. Secretario da Corporación que informa do seguinte:

Normalmente para a desafectación dun ben hai que tramitar un expediente de desafectación e segundo a experiencia doutro expediente tramitado no pasado,



que contaba con todos os informes pertinentes, pero como esa escola tiña unha venda de mestres en última instancia e baseándose en artigos preconstitucionais denegaron a desafectación. Para evitar isto comunicóuselle á Xunta que se podía facer outro tipo de expediente, como un expediente de reversión, e evitar así tramitar un expediente complexo para que ó final, ó mellor, se teña que acudir a un contencioso.

É mais -sinala- o Sergas fíxonos chegar por medio da Fegamp un informe no que, segundo eles, o centro médico en si non é un ben demanial, senón a actividade que se fai nel, e seguindo esa liña poderíase aplicar ese razoamento ás escolas, sen embargo neste caso, nestes días chegounos unha comunicación na que se informaba que non procedía a reversión, senón que se tiña que tramitar un expediente de desafectación.

3.- Á pregunta sobre do Sr. Martínez do PP sobre do apagón analóxico, a Presidencia di só hai unha zona, no fondo de San Miguel onde non existe cobertura, estando á espera de que se arranxe o repetidor de Paradela (A Estrada)

4.- Ás preguntas de dona Xosefina R. Guitián do BNG, a Presidencia contésttate:

1.- Sobre bancos de tempo, a Presidencia cédelle a palabra á concelleira responsable nesa materia dona Lucía González, que fai unha secuencia cronolóxica do que é o banco de tempo de Vedra: no ano 2008 , a través dos Programas de Cooperación, concedéronlle ó concello un técnico en banco de tempo, e esa persoa foi contratada ata xuño de 2009 e tramitou varias subvencións, entre elas unha para a realización de actividades do banco de tempo, que foi concedida cando xa non traballaba a persoa no concello. Neste momento retomouse contacto coa persoa que tramitara a subvención e estaba a traballar nunha empresa Andamiaxe Innova, especializada neste tipo de actividade, que presentou unha oferta no concello para a xestión e coordinación do banco de tempo e así co importe da subvención e cunha pequena achega do concello, aseguramos a xestión do banco de tempo durante dos exercicios.

2.- Sobre do acordo a aplicar nas nóminas ó que se chegou coa Mesa Xeral de Negociación, di que o convenio aínda se está a negociar.


3.- Sobre da transferencia de créditos entre partidas para gastos de persoal, di que foi para atender as nóminas dos traballadores Fernando Lobato Cutrín e Fernando Faya Martínez

4.- En canto á obra do campo da festa de San Miguel de Sarandón, di que o proxecto incluído no Plan Ulla -Tambre, que está pendente de adxudicar pola Deputación

5.- Sobre do custo do palco da música do campo da festa de San Miguel, di que se contratou a obra completa, pero se existe interese se pode consultar coa empresa adxudicataria

6.- Sobre das barcazas para o Rio Ulla, di que o 15/10/2009 foron repeccionadas 4 barcas e estase pendentes da tramitación da súa matriculación en Augas de Galicia e do permiso para navegar polo Rio Ulla e para utilizar o embarcación do Coto de Ximonde

7º.- En canto ós 12.000 euros que a Consellería de Educación destinou para o comedor do CEIP de Ortigueira, cédelle a palabra ó Sr. Sánchez, que expón que ese importe estaba verbalmente concedido e incluso chegou a estar publicada na páxina web, e xustificouse cunha factura polo importe correspondente . Pasado



certo tempo e ó non facer o ingreso na conta municipal postos en contacto coa Consellería comunicaron que intervención solicitaba un proxecto da obra. Di tamén que non sabe o cambiar o goberno da Xunta naquel momento influíu algo.

--Á pregunta do Sr. Costa do PP sobre do lavadoiro público tapado con motivo das obras na DP8203, di que a Deputación llo indemnizou ó titular dos terreos, e que o concello llo reclamou

8º.-Rogos e preguntas

-- Dona Xosefina R. Guitián do BNG formula os seguintes rogos e preguntas:

1- Parece ser que a Consellería de Territorio xa fixo entrega ós concellos do anexo técnico do convenio de Transporte metropolitano, onde figuran as liñas, frecuencias e horarios. Poden informar ó Pleno das novidades para Vedra?

2.- Aproveito a pregunta anterior para reiterar que se informe en páxina web e boletín municipal sobre horarios de autobuses e teléfonos de taxistas en activo

3.- En Xunta de Goberno de 9 de febreiro de 2010, dáse conta da Resolución da Alcaldía pola que, rematados os contratos do persoal contartado a través dos programas de cooperación da Xunta, se lle renova a 1 persoa ó preciasar dispor de algúen con carné C para manexo de Bull; gustariame coñecer qué criterios se empregaron para renovar o contrato de só un; é dicir, se só había unha persoa con ese tipo de carné, se se colleu ó que tivera mellor puntuación na anterior selección, o que tiña máis méritos demostrabeis, etc,.

4.- Gustariame me explicasen por qué ó final, pese a non haber axenda algunha de viaxe institucional, se lle pagaron dende o concello os billetes de avión a Arxentina a Alcalde e 1 concelleiro da oposición

5.- Cando e como pensa solucionar o concello o problema de acceso ó Muíño de Castiláns

6.- Gustariame saber se segue sendo unha previsión dende o goberno poñer en marcha un arquivo municipal

--Don Carlos Mratínez Carrillo, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, formula para a súa contestación as seguintes preguntas e rogos:

1.-Por qué polo concello se arrincaron as letras de aceiro que estaban no edificio do centro de saúde de Santa Cruz?

2.- Cando se vai arranxar a pista que vai polo medio da aldea de Cimadevila en San Miguel?

3.- Rogamos que por parte do concello se fagan as xestións pertinentes con Fenosa ou Gas Natural para que en relación á liña eléctrica que pasa pola finca do Sr. Alfredo en Cimadevila, se recubran e protexan os fios da electricidade que por alí pasan, e na medida do posible parte desta liña se sitúe ó carón da vía pública

9º.- Rogos e preguntas veciñais

A Presidencia, ó abeiro do disposto no artigo 23 do Regulamento de Participación veciñal, aprobado definitivamente e publicado no BOP num. 68/08, do 25 de marzo do ano que andamos, establece un turno de rogos e preguntas co público asistente á sesión



Non se formulan

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas e corenta minutos

